
**Fernando Ramallo, Estibaliz Amorrortu e Maite Puigdevall (eds.),
Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español, Madrid/Frankfurt,
Iberoamericana-Vervuert, 2019, 195 páxinas.**

Data de recepción: 02/12/2019 | Data de aceptación: 16/12/2019

No último cuartel de 2019 saíu do prelo o volume 42 da colección “Lengua y sociedad en el mundo hispánico / Language and Society in the Hispanic World” de Iberoamerica-Vervuert. Este manual, titulado *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español*, vén editado por Fernando Ramallo, Estibaliz Amorrortu e Maite Puigdevall, tres sociolingüistas de recoñecido prestixio pola súa investigación sobre o neofalantismo en ámbito galego, éuscaro e catalán, respectivamente e nel inclúese unha serie de traballos de autoría diversa que reflexionan sobre tal fenómeno. Así, tal como se indica na contracapa do libro, este conforma a primeira aproximación á diversidade lingüística no estado español desde a perspectiva innovadora que a persoa neofalante de linguas minorizadas entraña.

No capítulo 1 (pp. 7-21), que actúa como limiar, os editores do libro fanse a pregunta “Que supón ser neofalante dunha lingua minorizada?” e para respondela realizan unha breve aproximación sociolingüística ao suxeito neofalante nas linguas minorizadas do Estado español, cal o éuscaro, o aragonés, o catalán e o galego. Finalmente, refiren unha presentación sumaria de cada un dos capítulos seguintes coas contribucións de varios investigadores en que se expoñen casos de neofalantes das catro linguas antecitadas, “y en los que se explican distintas experiencias y prácticas lingüísticas, así como ideoloxías e incluso reconfiguraciones identitarias de novos hablantes del euskera, aragonés, catalán y gallego” (p. 19).

Os capítulos 2, 3 e 4 recollen os respectivos estudos sobre o caso vasco. Así, no capítulo 2, “Activación lingüística de jóvenes neohablantes de euskera en la universidad” (pp. 23-45), da autoría de Jone Goirigolzarri, Estibaliz Amorrortu e Ane Ortega, preséntase un proxecto de colaboración con mozos/as universitarios/as en que estes observan e reflexionan sobre as súas propias prácticas, para alén de proporen estratexias e retos para chegar a provocar unha muda ou conversión lingüística, pois como conclúen nesta investigación “existen muchos jóvenes NH que quieren usar la lengua y “vivir” también en euskera, y que la satisfacción y el sentirse bien con la lengua son fundamentales para ello” (p. 44). Pola súa parte, no capítulo 3, “Convertirse en hablante activo del euskera durante la semana grande de Bilbao” (pp. 47-63), Hanna Lantto analiza este proceso de muda lingüística

na festividade local da Semana Grande de Bilbao; neste artigo descríbese o labor de conversión de novos falantes activos de éuscara que derivan das diferentes actividades da comparsa Algara. E finalmente, no capítulo 4, “Retos metodolóxicos en el estudio de las prácticas lingüísticas de jóvenes y adolescentes” (pp. 65-88), Jaime Altuna Ramírez e Jone M. Hernández García abordan os diversos aspectos metodolóxicos relacionados coa investigación lingüística de mozos/as e adolescentes vascos/as, a maior parte dos cales son neofalantes.

O caso aragonés é tratado individualmente no capítulo 5, “Neohablantes de aragonés: retrato de un colectivo estratégico en la revitalización” (pp. 89-109), en que Chabier Gimeno Monterde realiza unha descrición detallada das experiencias e prácticas lingüísticas sobre os/as neofalantes de aragonés, o cal supón unha novidade nestes estudos. Neste sentido, o autor examina como estes/as neofalantes foron accedendo á lingua, como a utilizan e que factores favorecen ou dificultan este uso.

Pola súa banda, o capítulo 6, “Espacios de adopción del catalán, una aproximación etnográfica a las mudas lingüísticas en Cataluña” (pp. 111-130), de Maite Puigdevall, Alba Colombo e Joan Pujolar, trata en exclusiva o fenómeno do neofalantismo no ámbito catalán. Neste contributo explóranse os procesos de muda en Cataluña en *tempo real*, isto é, en dous espazos favorecedores da adopción e do uso activo dunha nova lingua: por un lado, o *Voluntariat per la Llengua*, do Consorci per a la de Normalització Lingüística, en que se que organiza o programa das “parellas lingüísticas” e outras actividades de voluntariado, e, por outro, as *Colles de Diables*, como grupos de cultura popular e tradicional catalá. Os/as autores/as do artigo reflexionan, primeiramente, sobre as características e dinámicas destes espazos para determinar se estes posibilitan a muda lingüística efectiva, e, en segundo lugar, analizan os procesos de muda lingüística para o catalán coa fin de comprender os estadios de muda e as mudanzas que levan consigo para o novo falante.

O neofalantismo en Galicia ocupa os tres seguintes capítulos do libro. Así, no capítulo 7, co provocador título de “Travestismo lingüístico: una experiencia sociolóxica y didáctica sobre ideoloxías, obstáculos y persistencia en neofalantes de gallego” (pp. 131-146), Estefanía Mosquera Castro refire os resultados e as claves de futuro dun experimento de inmersión lingüística levado a cabo cun grupo de alumnado castelanfalante do Grao en Educación Primaria da Universidade da Coruña. Neste *travestismo* o alumnado tiña que adoptar a lingua galega como único idioma vehicular durante unha semana, actuando xa que logo como auténticos neofalantes. Pola súa parte, no capítulo 8, “Neofalantes *online*” (pp. 147-163), Paulo Padín explora o feito de se internet está a ser un laboratorio, no cal os neofalantes de galego poden presentarse publicamente como falantes desta lingua e poden experimentar lingüística e identitariamente como falantes de galego. Finalmente,

o capítulo 9, “Condiciones del (pre)neofalantismo y el proceso de conversión lingüística en Galicia” (pp. 165-183), de Rubén Moralejo Silva e Fernando Ramallo, examínanse as posíbeis causas e consecuencias dos procesos de muda de estudantes universitarios durante o seu primeiro ano de grao; así, neste traballo os autores explicitan a importancia do contexto social na conversión lingüística e o modo en que os/as posíbeis neofalantes se relacionan co seu propio proceso de transformación.

O décimo e último capítulo, “El sujeto neohablante y los retos de futuro para las lenguas minorizadas” (pp. 185-192), cerra este volume e nel os editores do libro, a modo de epílogo, poñen ao descuberto algúns dos retos que a persoa neofalante dunha lingua minorizada vai encarar no futuro máis inmediato, pois un deles consiste xa no propio feito de seren eles os suxeitos clave, xunto cos cada vez máis mingoados falantes tradicionais no fortalecemento destes idiomas.

Así pois, esta escolma de traballos permítenos ver a importancia deste grupo de neofalantes no proceso de normalización de linguas minorizadas e ponse a atención no proceso de conversión ou muda, isto é, no proceso de se converter en falante activo dunha lingua minorizada e non nun falante ocasional que aprende unha lingua máis. Este feito, como puidemos constatar ao longo dos artigos, ten unha consecuencia capital nunha lingua minorizada, pois o uso activo dunha lingua é o que garante a súa supervivencia. Alén disto, os estudos de caso que se presentan permite centrarse nas experiencias persoais, estudadas en pormenor con técnicas etnográficas e, por tanto, afástanse de datos cuantitativos asépticos, de modo que nos parece un grande acerto a concepción deste libro.

En conclusión, só resta darnos os parabéns aos/ás editores/as e aos/ás autores/as do volume pola iniciativa de reflexionaren sobre este novo fenómeno chamado neofalantismo e por partillaren esas diversas experiencias sobre neofalantes das linguas éuscara, aragonesa, catalá e galega.

Xoán López-Viñas